

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización da programación.

- 1.1. Xustificación legal.
- 1.2. Contextualización.
- 1.3. Planificación do período de adaptación.

2. Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- 2.1. Obxectivos.
- 2.2. Contidos:
 - 2.2.1. O Corpo e a propia imaxe.
 - 2.2.2. Xogo e movemento.
 - 2.2.3. A actividade cotiá
 - 2.2.4. O coidado persoal e a saúde.
- 2.3. Criterios de avaliación.

3. Área de Coñecemento do contorno

- 3.1. Obxectivos.
- 3.2. Contidos:
 - 3.2.1. Medio físico: elementos, relacións e medida.
 - 3.2.2. Achegamento á natureza.
 - 3.2.3. Cultura e vida en sociedade.
- 3.3. Criterios de avaliación.

4. Área de Linguaxes: comunicación e representación

- 4.1. Obxectivos.
- 4.2. Contidos:
 - 4.3.1. Linguaxe verbal
 - 4.3.2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal
 - 4.3.3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.
- 4.3. Criterios de avaliación.

5. Mínimos esixibles para pasar á etapa de Educación Primaria.

6. Metodoloxía.

6.1. Principios e concrecións metodolóxicas:

- 6.1.1. As rutinas como situacións de aprendizaxe.
- 6.1.2. Traballo por proxectos.

6.2. Organización do espazo.

6.3. Organización do tempo.

6.4. Interrelación familia-escola

7. Materiais e recursos.

7.1. Materiais.

7.2. Recursos ambientais.

7.3. Recursos humanos.

8. Medidas de atención á diversidade.

9. Procedementos e instrumentos de avaliación.

10. Actividades complementarias e extraescolares.

11. Concreción do plan de convivencia.

12. Concreción do plan das tecnoloxías da información e da comunicación.

13. Concreción do plan lector.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

1.1. Xustificación legal.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o Currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011 de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

1.2. Contextualización.

PROFESORADO:

O Ciclo de Educación Infantil está formado por tres mestras titoras, unha mestra de apoio e unha mestra especialista en Audición e Linguaxe; ademais imparten ensinanzas neste Ciclo o mestre de Educación Musical e o mestre de Educación Física. Tamén ten incidencia neste ciclo a totalidade do Departamento de Orientación.

A continuación nomeamos ós mestres/as adscritos a este ciclo:

- _ Ester Lombardía Rodríguez: titora de 4º de Educación Infantil.
- _ Macarena Ferreño Montero: titora de 5º de Educación Infantil.
- _ María Verónica Romero Pérez: titora de 6º de Educación Infantil.
- _ Cristina López Dacosta: mestra de apoio de Educación Infantil.
- _ Sergio Carro Bermúdez: mestre especialista de Lingua Estranxeira.
- _ Arturo Sánchez Rivera: mestre especialista de Educación Física.
- _ Óscar López Bouzón: mestre especialista en Música.
- _ Raquel Abella Brozos: mestra especialista de Audición e Linguaxe.
- _ Eliazar Romero Viota: mestra de Relixión.

ALUMNADO:

O nivel de 6º de Educación Infantil conta con 24 alumnos e alumnas por aula, mentres que 5º de Educación Infantil conta con 25 alumnos e alumnas por aula e 4º conta con 23 alumnos e alumnas.

O idioma vehicular é o idioma materno do alumnado, que neste caso é o castelán.

1.3. Planificación do período de adaptación.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil e se ditan instrucións ao respecto, e no artigo 3 sinala que “os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe. A organización deste período garantirá a integración gradual, do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas.”

O período de adaptación terá a duración que se estableza na orde de calendario correspondente ao curso escolar.

Así, o período de adaptación no noso centro queda dividido en dúas fases:

- Mes de Xuño: primeiros contactos de alumnado e familias co centro e co profesorado.

Realizarase unha primeira reunión coas novas familias onde se darán a coñecer unha serie de pautas imprescindibles para o inicio de curso entre as que cabe destacar que será imprescindible para a escolarización do alumnado de tres anos que previamente teñan acadado o suficiente control de esfínteres de xeito que non precise do uso de “cueiros”.

- Mes de Setembro: proceso de incorporación do alumnado. Este proceso de incorporación será: específico e individualizado, progresivo, personalizado, paulatino e flexible.

2. ÁREA DE COÑECIMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

2.1. OBXECTIVOS:

- 1) Coñecer, representar e utilizar o seu corpo, seus elementos, funcións, posibilidades de acción e de expresión dunha forma controlada e coordinada.

- 2) Formarse unha imaxe axustada de si mesmo na interacción cos outros e no desenvolvemento da autonomía persoal.
- 3) Identificar, dominar e comunicar os sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias propias e coñecer, comprender e respectar as dos outros.
- 4) Realizar con autonomía e seguridade os hábitos persoais, as actividades habituais e ter iniciativa para resolver as novas tarefas e problemas que presenta a vida cotiá.
- 5) Desenvolvemento de actitudes e hábitos de respecto polas diferenzas individuais, axuda e colaboración cos demais; de promoción da saúde e de protección do entorno.
- 6) Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia da identidade sexual e cultural, manifestación de emocións, respecto ás persoas, aceptación de regras e seguridade persoal.

2.2. CONTIDOS:

2.2.1. O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Exploración do propio corpo para chegar a tomar conciencia do propio esquema corporal, que se construíra a partir das sensacións e das percepcións que recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo, sentimentos e emocións.
- Aceptación da propia imaxe corporal, desenvolvendo accións a través de xestos, movementos, xogos, danzas...
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo e respecto polas diferenzas e características dos demais.
- Identificación das diferentes etapas da vida.
- Desenvolvemento da identidade sexual.

2.2.2. XOGO E MOVEMENTO

- Gusto e participación no xogo. Comprensión, aceptación e valoración das regras.
- Potenciación do xogo como elemento común das culturas.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.

- Adquisición e potenciación de nocións básicas de orientación no espacio e coordinación de movementos.
- Progresivo control do ton, equilibrio e da respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e dos outros.

2.2.3. ACTIVIDADE COTIÁ

- Regulación do propio comportamento,satisfacción pola realización de tarefas e concienciada propia competencia.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o seu propio comportamento en función das necesidades dos outros e das normas de funcionamento do grupo.
- Valoración e gusto polo propio traballo ben feito e polo das demais persoas.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos aplicándoos nas súas actividades diarias.
- Desenvolvemento de habilidades para a interacción e colaboración establecendo relación de afecto cos adultos e cos iguais.

2.2.4. COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas establecidas nas comidas, desprazamentos, descanso e na hixiene.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Colaboración no mantemento e ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalación para previr accidentes e evitar situación de risco.

2.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Representar a figura humana. Identificar os sentidos e as súas funcións. Expresar e denominar emocións e sentimentos.
- Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo, manifestando confianza nas súas posibilidades e aceptación e respecto polas dos demais.
- Amosar una imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas así como semellanzas e diferencias entre persoas, valorando positivamente a diversidade.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.
- Consolidar progresivamente hábitos de coidado persoal: hixiene, saúde, alimentación..., amosando un aspecto persoal coidado.
- Participar e colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Participar en diferentes tipos de xogos, da súa propia cultura como de outra, aceptando as normas que os rexen e progresando na coordinación e control de habilidades que cada actividade require.

3. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

3.1. OBXECTIVOS:

- Observar e explorar o contorno próximo, intentando facer interpretacións e comparacións dos feitos observados.
- Percibir e interpretar os cambios que se producen no seu contorno como consecuencia das súas accións e as dos demais.
- Iniciarse na resolución de problemas matemáticos a través de diferentes estratexias, establecendo relación, ordenando, comparando, medindo...
- Empregar a serie numérica tomando conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

- Recoñecer as rutinas habituais da aula como forma de organización temporal.
- Empregar o calendario, comprendendo a súa necesidade.
- Mostrar interese por observar, explorar e coñecer o medio social, natural e familiar máis próxima.
- Comprender a importancia de establecer relación co resto do grupo, baseadas nas normas, o afecto, o respecto, a colaboración e a confianza mutua; comprendendo que son a base para a vida en sociedade.
- Identificar elementos significativos da propia cultura e doutras, recoñecendo as diferenzas e respectándoas.

3.2. CONTIDOS:

3.2.1. MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIONES E MEDIDA

- Observación e comparación dos fenómenos que suceden no medio próximo.
- Interpretación dos feitos observados, comparándoos e buscando as súas orixes e consecuencias.
- Participación activa na resolución de problemas que requiren a realización de comparacións, clasificacións, cuantificacións, medicións, estimacións, búsqueda de datos...
- Interese polo emprego da serie numérica na vida cotiá.
- Recoñecemento de figuras planas e tridimensionais presentes no contorno.
- Utilización do conto para a resolución de diversas operacións.
- Emprego de magnitudes físicas básicas de peso, lonxitude e capacidade, e algún instrumento de medición.
- Participación e coñecemento das rutinas diarias como medio para a planificación temporal.
- Observación do calendario como medio para a organización temporal.
- Experimentación con corpos xeométricos básicos.

3.2.2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Observación do medio natural recoñecendo os diferentes seres vivos e as súas características, mantendo una actitude de curiosidade, respecto e coidado.
- Exploración do medio natural e rexistro de datos observados, realizando hipóteses sobre causas e consecuencias dos fenómenos naturais.
- Coñecemento dos cambios que se producen no medio natural e social no que viven ao longo do ano.
- Mostrar interese e respecto pola conservación do medio que os rodea.

3.2.3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Identificación da familia como primeiro grupo social, recoñecendo a os seus membros, relación de parentesco, e mantendo una actitude de colaboración e responsabilidade.
- Identificación e respecto dos diferentes tipos de familias, asumindo a súa propia situación.
- Interese por participar na vida da aula en actividades de gran grupo e pequeno grupo, sentíndose membro da mesma, participando no establecemento de normas e a súa aceptación e cumprimento; establecendo una relación afectiva cós maiores e os pequenos que o rodean, nun clima de respecto, colaboración e confianza.
- Observación e recoñecemento das dependencias do colexio e a aula.
- Identificación das persoas que participan na vida do colexio, comprendendo e respectando a necesidade das súas funcións.
- Identificación de elementos significativos da cultura galega, mostrando interese e respecto polos mesmos e participando na celebración de eventos significativos como o Samaín, Magosto, Entroido, Letras Galegas...
- Comparación e recoñecemento das diferenzas étnicas.
- Valoración positiva da necesidade de participación nunha vida social activa na que deba asumir responsabilidades.

3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Observar e explorar o contorno próximo coa finalidade de recoñecer, respectar e interpretar as súas características.
- Mostrar interese por resolver problemas matemáticos empregando diversas estratexias.
- Recoñecer e empregar axeitadamente a serie numérica, recoñecendo a súa funcionalidade na vida cotiá.
- Mostrar interese por coñecer e participar nas rutinas da aula.
- Coñecer as características da sociedade na que vive respectando as diferencias.
- Recoñecer e mencionar correctamente os membros da súa familia.
- Recoñecer elementos do medio natural e as súas características así como os seres que nel viven.
- Comprender a necesidade da vida en sociedade, respectando aos compañeiros e compañeiras así como aos maiores.
- Mostrar interese por coñecer a súa propia cultura e outras, respectando as diferenzas culturais existentes.

4. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

4.1. OBXECTIVOS:

- Utilizar as diversas linguaxes verbais e non verbais, como instrumento de comunicación.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de texto (contos, receitas, xornal, poesías, listas...)
- Comprender, reproducir, reescribir e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas.
- Respectar e valorar as creacións artísticas propias e as dos demais.

- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.
- Participar activa e creativamente en creacións e representacións musicais.

4.2. CONTIDOS:

4.2.1. LINGUAXE VERBAL:

ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR:

- Utilización e valoración positiva da lingua oral.
- Uso progresivo de léxico variado e unha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral con distintos propósitos e interlocutores diferentes, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira.

APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA.

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

ACHEGAMENTO Á LITERATURA

- Escoita e comprensión da lectura en voz alta nas dúas linguas oficiais.
- Dramatización de textos literarios a través de linguaxe verbal e non verbal.
- Interese pola memorización de textos de carácter poético e participación creativa en xogos lingüísticos.
- Utilizacións das bibliotecas de centro e de aula para a aproximación á literatura e a investigación de diferentes contidos.

4.2.2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo, volume.
- Interese por distintos artistas e as súas obras.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas como recursos e medios de expresión e comunicación.
- Elaboración de diferentes obras plásticas con diversos materiais.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social.
- Audición atenta de obras musicais e participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Participación en xogos de expresión corporal.

4.2.3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN:

- Identificación da utilidade do ordenador como fonte de información, medio de aprendizaxe a través de xogos educativos e achegamento a producións audiovisuais.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas como ordenador, pantalla dixital, cámara fotográfica...

4.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Ser capaz de utilizar a linguaxe verbal e non verbal para comunicarse.
- Comprender e comunicar mensaxes orais nas dúas linguas oficiais.
- Amosar unha actitude positiva cara o inicio do uso oral dunha lingua estranxeira.
- Iniciarse no uso de diferentes textos escritos.
- Iniciarse na produción de textos escritos.
- Gozar utilizando a biblioteca e escoitando textos literarios.
- Ser capaz de utilizar diferentes linguaxes artísticas para expresar a súa creatividade.
- Mostrar interese por coñecer diferentes obras artísticas e crear as súas propias obras respectando as dos demais.

- Iniciarse no uso das TICs como ferramenta de información, creación, expresión e comunicación.
- Gozar coas produccions musicais propias e as dos demais.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA PASAR Á ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Recoñecer o seu corpo e as súas necesidades básicas respectando as súas diferenzas.
- Usar diferentes medios para expresar os seus sentimentos, respectando os dos demais.
- Ser capaz de resolver as dificultades que van aparecendo nas diferentes actividades realizadas na aula.
- Recoñecer a importancia do medio natural para a vida humana.
- Respectar ás persoas, normas e valores da sociedade á que pertence, participando activamente nas actividades sociais.
- Utilizar o coñecemento matemático para interpretar a vida: explorando, ordenando, comparando...
- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación: xestual, oral, escrito, plástico...
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas: imaxinar, inventar, transformar...
- Valorar as TIC como ferramentas de expresión e comunicación.

6. METODOLOXÍA:

6.1. Principios e concrecións metodolóxicas.

Tendo en conta que no segundo ciclo de Educación Infantil, segundo Piaget, os nenos e as nenas están no período sincrético e egocéntrico os principios metodolóxicos que seguiremos serán:

- **Globalización:** entendido como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais: situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo... nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

- **Aprendizaxe significativo:** debemos facer propostas tendo en conta os intereses e os coñecementos previos dos alumnos, có fin de que adquiran coñecementos funcionais que podan empregar na vida cotiá.
- **Principio de actividade:** entendido coma un conxunto de estratexias que permiten e estimulan aos nenos/as a participar como suxeitos da súa propia aprendizaxe. Crearemos situacións nas que o noso alumnado teña que observar, facer propostas, tomar decisións, formular hipóteses, analizar, sacar conclusións, facer xuízos críticos...
- **Afectividade:** debe ser o fío conductor de toda a situación de ensino aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva. Con este fin se planifica o período de adaptación e a partir do mesmo crear un clima de afecto e confianza no que o alumnado se sinta protexido e seguro. A isto tamén contribuirá o coñecemento dos compañeiros e compañeiras que fomentaremos a partir de xogos en rincóns.
- **Individualización e socialización:** cada neno/a é un ser único e diferente, ten un modo particular de sentir e actuar; por iso a nosa planificación ten que estar supeditada ao tipo de alumnado ao que vai dirixida, así coma aos diferentes ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe. Isto non entra en contradicción co proceso de socialización, a pesares do egocentrismo destas idades, o noso alumnado é sociable, coopera co adulto, vaise adaptando progresivamente ás normas e amosa un crecente desexo de xogar cos iguais. Por esta razón, nas nosas aulas, fomentárase un clima participativo a través de asembleas diarias, preguntas abertas, xogo e traballo en recantos (imprescindible nestas idades, tanto pola cantidade de coñecementos sobre o medio físico que lles proporciona, como polo papel primordial que desempeña no proceso de socialización).

Todos estes principios didácticos concréntanse no traballo diario a través de:

6.1.1.Rutinas:

Estas rutinas entendémolas como actividades que se realizan diariamente de forma regular, periódica e sistemática.

Algunhas das rutinas máis significativas en todos os cursos serán:

- Elección do encargado ou encargada (traballo do nome propio adaptado a cada nivel)).
- Pasar lista e rexistro de asistencia.
- Localización no calendario do día no que nos atopamos.
- Rexistro da data.
- Observación e rexistro do tempo atmosférico
- Elección de recantos.

Todas estas rutinas recóllense en diversos paneis que permiten rexistrar os resultados das súas observacións de forma autónoma, actuando a mestra como mediadora da aprendizaxe.

6.1.2.Traballo por proxectos:

Segundo o **Decreto 330/2009 do 4 de Xuño** (Currículo de Educación Infantil), realizaremos nas aulas de 4º, 5º e 6º de educación infantil: “...proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo...”

Cando aquí nos referimos a proxectos estamos a falar dun enfoque metodolóxico concreto, dunha estratexia metodolóxica integradora que parte da necesidade de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre os contidos e no enfoque globalizado ou interdisciplinario, que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas.

Obxectivos do traballo por proxectos:

- Participar activamente na elección dos proxectos argumentando as súas propostas, valorando e respectando as dos demais(C. en comunicación lingüística, Autonomía e iniciativa persoal e C. social e cidadá).
- Formular dúbidas e preguntas que axuden ao desenrolo das actividades(C. en comunicación lingüística, Autonomía e iniciativa persoal, C. para aprender a aprender e C. no coñecemento e a interacción co mundo físico).

- Empregar axeitadamente os recursos da aula e do colexio tales como a biblioteca ou o ordenador, para a obtención de información(tratamento da información e competencia dixital, C. cultural e artística, C. para aprender a aprender e Autonomía e iniciativa persoal).
- Recoñecer a existencia doutras fontes de información como as aportacións doutras persoas e o análise do mundo próximo(C. social e cidadá, C. no coñecemento e a interacción co mundo físico).
- Comprender a importancia de formar parte dun grupo e asumir as súas responsabilidades dentro do mesmo(Autonomía e iniciativa persoal e C. social e cidadá).
- Empregar diferentes formas de recollida da información(C. Matemática, C. en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital).
- Utilizar a información obtida para a resolución de diversos problemas(C. para aprender a aprender e Autonomía e iniciativa persoal).
- Aprender o vocabulario básico relacionado co proxecto e intentar empregalo axeitadamente en diversos contextos(Autonomía e iniciativa persoal, C. para aprender a aprender e C. en comunicación lingüística).

Fases do traballo por proxectos:

- Elección do tema.
- Recollida de información (que sabemos? , que queremos saber?).
- Planificación do proxecto.
- Busca de información.
- Desenrolo do proxecto.
- Avaliación do proxecto.

Actividades tipo dos traballos por proxectos:

- De recollida de coñecementos previos e inquietudes que lles suscite o tema ao alumnado.
- De introducción ao tema para motivar ao alumnado.
- De busca e tratamento da información.
- De aplicación.
- Para reflexionar.
- Encamiñadas á avaliación.

6.2.Organización do espazo:

Segundo o Currículo de Educación Infantil, “na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós e para xogar e relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento.” Para lograr todo isto, as aulas de Educación Infantil están organizadas espacialmente en diferentes recantos:

- Recanto de asemblea.
- Recanto de xogo simbólico.
- Recanto de biblioteca.
- Recanto de construcións.
- Recanto de lóxica-matemática.
- Recanto das TICs.
- Recanto de plástica.
- Recanto de mesas.

6.3.Organización do tempo:

A organización dos tempos responde a unha característica fundamental: a flexibilidade, de xeito que se poden adecuar os tempos ás características das actividades e do alumnado, combinando tempos de rutinas e tempos de actividades específicas.

Neste centro o horario lectivo é de 9:00 a 14:00. Dentro deste horario en cada unha das aulas sucederanse diversos momentos, tendo en conta as diferentes especialidades:

- Entrada e acollida.
- Asemblea.
- Traballo e xogo nos recantos.
- Aseo e merenda.
- Recreo.
- Hora de ler.
- Traballo e xogo nos recantos.
- Recollida e despedida.

6.4. Interrelación familia-escola:

Na etapa de Educación Infantil debemos ter en conta que, a tarefa de educar debe descorrer en paralelo en dous ambientes fundamentais, a casa e a escola. É por iso que se fai necesaria unha relación próxima e fluída entre a familia e as docentes, tendo moi en conta que isto repercutirá no proceso de desenvolvemento do alumnado.

Búscase con esta interrelación unha maior implicación e participación na vida escolar por parte das familias có fin de apoiar o proceso de ensino-aprendizaxe e de crear un clima de seguridade e confianza que comece no mesmo momento do período de adaptación e que perdure no tempo ao longo de todo o ciclo.

Esta relación terá diversos momentos que podemos concretar en:

- Reunión inicial coas familias do alumnado de 4º de Educación Infantil: esta reunión realízase ao final do curso anterior ao de escolarización dos seus fillos e fillas. En este momento o principal obxectivo é o de informar sobre aspectos como: o período de adaptación, os materiais precisos, hábitos... para o comezo de curso, así como aclarar dúbidas que poidan formular as familias.
- Entrevista inicial.
- Reunións por nivel: estas terán lugar trimestralmente. Son reunión de cada nivel coa súa titora, nas que se tratan temas de organización do curso, normas básicas de funcionamento da aula e orientacións metodolóxicas.
- Tutorías: Poden ser convocadas polas propias familias, pola titora ou por calquera especialista, os martes de 16:00 a 17:00. En estas se intentará facer un intercambio de información a cerca de aspectos fundamentais para o proceso de ensino-aprendizaxe referidos ao desenvolvemento social, cognitivo, emocional, motriz...
- Outros momentos de relación:
 - Aportación de materiais aos proxectos ou outras actividades, como por exemplo a lectura de contos por parte das familias.
 - Entradas e saídas: nestes momento, puntualmente, se poden comentar aspectos urxentes, relevantes e concretos que non poidan dilatarse no tempo.

7. Materiais e recursos.

7.1. Materiais.

Os materiais que se utilizan para o desenvolvemento da programación son:

Para os mestres:

- Proxecto curricular.
- Programacións dos centros de interese.
- Guías educativas.
- Revistas e outras publicacións relacionadas coa E.I.
- P.X.A.

Para a aula:

- Láminas/murais dos centros de interese.
- Bits de palabras e fotografías.
- Contos referentes aos centros de interese e outros da biblioteca de aula, de cole ou das casas.
- Todo tipo de material manipulativo para os recunchos.
- Materiais de refugallo para os traballos plásticos.
- Materiais prestados polas familias para as investigacións dos proxectos.

Para o alumnado:

- Fichas de traballo do material editorial.
- Fichas de traballo dos proxectos.
- Etiquetas cos nomes .
- Paneis para pasar lista e elixir recunchos.
- Dossieres de información de diferentes proxectos de investigación
- Murais.
- Outros materiais elaborados polo alumno/a.

7.2. Recursos ambientais.

- Aula de usos múltiples, onde se realizan as sesións de psicomotricidade.

- Aula de música, onde van unha sesión á semana co mestre de música.
- Biblioteca do centro, onde un día por semana se fai un préstamo de libros.
- Aula de informática, onde os nenos e nenas da aula de 6º de E.I. van en dous metades unha vez por semana.
- Patio cuberto, onde se fan os recreos cando chove ou fai moi mal tempo.
- Parque infantil, no que contamos con xogos infantís.

7.3. Recursos humanos.

No ciclo de Educación Infantil, a parte das tres mestras titoras e unha mestra de apoio, contamos cos seguintes especialistas:

- Mestre de Música.
- Mestre de Inglés.
- Mestra de Relixión Católica.
- Mestre de Educación Física.

Ademais no centro contamos cun Departamento de Orientación que está composto por:

- Unha Orientadora.
- Un mestre de Pedagogía Terapéutica.
- Unha mestra de Audición e Linguaxe.
- Unha coidadora.

8. Medidas de atención á diversidade.

Segundo o **Decreto 229/2011 de 7 de decembro**, tendo en conta que dentro das diversas aulas existe unha clara diversidade, baseámonos para a súa atención nos principios de inclusión e integración; de xeito que adaptaremos as nosas actuacións ás características individuais, diferenzas culturais, necesidades, intereses e estilo cognitivo, respectando os diferentes ritmos.

Pero non cabe dúbida que existen tamén outras medidas extraordinarias que se aplicarán sempre que sexa necesario. Un alumno de 5º estáselle facendo unha avaliación psicopedagóxica.

Esto non significa que ao longo do curso non teñamos que adoptar medidas extraordinarias con outros alumnos/as.

Mencionar tamén que temos en 5º de Educación Infantil 2 nenos que acoden a clase de estimulación da linguaxe coa mestra de Audición e Linguaxe, mentres que en 6º van 5 nenos/as con dislalia.

9. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a avaliación para o 2º ciclo de E.I., a avaliación nesta etapa está concibida como instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, polo tanto realizarase de forma continua para obter información sobre o desenvolvemento dos nenos e nenas, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables e tomar decisións individuais e colectivas.

A avaliación será global, continua e formativa.

Os instrumentos para levar a cabo esta avaliación serán:

- **Avaliación inicial:** recollemos información relativa á superación do período de adaptación e os contidos que manexan os alumnos/as de nova incorporación, a través de:
 - Entrevista inicial cos pais ou titores.
 - Observación directa por parte das mestras.

Todos estes datos serán recollidos no rexistro de avaliación inicial do XADE.

No caso dos alumnos de 5º e 6º de educación infantil, cada titora ao comezo de curso realizará unha avaliación inicial adaptada o nivel de cada alumno/a a través de observación directa e de actividades de repaso, e se é o caso, entrevista coa familia.

- **Avaliación continua:** iremos observando ao rematar cada proxecto e unidade didáctica o que foron aprendendo, a través de: observacións directas, observacións indirectas, análise dos traballos e producións dos nenos/as e entrevistas coas familias. E os instrumentos utilizados para esta avaliación serán o diario de clase, murais, mapas conceptuais e recursos audiovisuais.

Ao rematar cada trimestre cubrirase un informe para as familias utilizando os indicadores propostos polo XADE.

- **Avaliación final:** ao remate de cada nivel cubrirase un informe anual de avaliación individualizado, no que se recolle o grao de consecución dos obxectivos establecidos. E ao finalizar o ciclo recollerase nun informe, proposto polo XADE, o progreso global de cada neno e nena.

10. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias que organizamos este curso están distribuídas por trimestres:

1º TRIMESTRE

- MAGOSTO con degustación de castañas con leite.
- SAMAIN
- DÍA DA CONSTITUCIÓN
- FESTIVAL DE NADAL: panxoliñas, bailes, teatro.

2º TRIMESTRE

- DÍA DA PAZ
- ENTROIDO: Elaboración de disfraces, carautas...mandatos do Meco...
- SEMANA DA PRENSA

3º TRIMESTRE

- SEMANA DO LIBRO: Convocamos ás familias para a lectura de contos.
- SEMANA DAS LETRAS GALEGAS: Lectura do conto viaxeiro.
- FESTIVAL DE FIN DE CURSO

Todas estas actividades programaranse trimestralmente nos claustros, no ciclo e nos diferentes equipos.

Ademais das sinaladas, realizaremos actividades relacionadas cos días de conmemoracións establecidas na Orde calendario escolar.

Tamén, ó longo de todo curso, participaremos en dúas actividades propostas polo equipo da biblioteca:

- Préstamo semanal de libros para levar á casa.
- Mochila viaxeira.

- Realización de apadriñamentos dos nenos/as maiores aos máis pequenos para a lectura de contos.

En canto as actividades extraescolares, na data de remate da realización desta programación, non temos programada ningunha actividade ou saída a realizar fora do ámbito escolar (teatro, exposicións, contacontos, etc). Si se realizaran, optaremos por aquelas que consideremos adaptadas á idade dos/as alumnos/as, aos seus intereses e á vez que estén relacionadas co traballo que se está a desenvolver nas aulas.

Temos implantado un plan de merendas saudables que consiste en:

| LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|--------|----------|---------|---------|
| O QUE QUEIRAS | FROITA | FIAMBRE | LÁCTEOS | CEREAIS |

Ademais nas aulas de Educación Infantil celebran os aniversarios con biscoito que trae cada familia.

11. Concreción do plan de convivencia.

Obxectivos:

- **Conseguir a integración** de todo o alumnado **sen discriminación** por razón de raza, sexo, idade ou condición social.
- **Fomentar a implicación das familias.**
- **Mellorar as relacións** entre todos os membros da comunidade educativa.
- **Previr conflitos.**
- **Fomentar hábitos de convivencia** que faciliten a consecución dos obxectivos do centro.
- Prever a **atención ao alumnado con necesidades** individuais diferenciadoras.

- **Promover actividades de información/formación** no propio centro para poder solucionar mellor os problemas de convivencia que poidan aparecer.
- Suxerir e **solicitar a dotación dos recursos** que se crean necesarios.

Accións previstas

Todas as accións que se prevén neste plan están desenvolvidas nos diferentes proxectos do centro. PEC, RRI, PXA, PAT, PA-PI

Respecto da Comunidade Educativa:

Para o noso plan recolleamos algúns puntos que consideramos fundamentais para unha convivencia democrática e participativa:

- Contribuír á **creación dun ambiente** positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.
- Respetar a **liberdade de expresión** sen discriminación ou represión.
- Coñecer os **dereitos e deberes** por parte todos os membros da C.E.
- **Participación** de tódolos representantes dos diferentes sectores **na toma de decisións**, exercendo o seu dereito de voto.
- **Articular as medidas** necesarias a través dos cauces establecidos **para prever e resolver os conflitos** mediante actuacións de **mediación e consenso**. (Obs. Conv.)

Respecto do profesorado

A condición de docentes e educadores leva implícitas as seguintes obrigas:

- **Coñecer a** situación actual da **convivencia nos centros educativos e a normativa sobre convivencia** que lles afecta.
- Fomentar **actuacións preventivas** desde a acción tutorial para a mellora da convivencia.
- **Desenvolver estratexias** para marcar os límites dentro da aula co fin de **prever, detectar e identificar situacións de conflito**.
- Potenciar as **habilidades sociais** dirixidas á **resolución pacífica dos conflitos**.

- Fomentar **actuacións dirixidas á orientación dos pais e nais** do alumnado para a mellora de la convivencia.
- **Recursos pedagóxicos** ante o que causa o conflito.
- Desenvolvemento de **traballos cooperativos** como **prevención e integración**.

Respecto da acción tutorial

- Dar a **coñecer** ao alumnado as **normas de convivencia** do centro.
- Dar a **coñecer** ao alumnado os aspectos básicos do **Plan de Convivencia**.
- Formar aos alumnos en **habilidades sociais básicas**.
- **Intervir** tan pronto como se detecte o **inicio do conflito** entre alumnos.
- Dar a coñecer aos pais/nais do alumnado as normas de convivencia del centro.
- Dar a coñecer aos pais/nais do alumnado os aspectos básicos do Plan de Convivencia.
- **Sensibilizar aos pais/nais** da necesidade de educar nun modelo de convivencia pacífico tomando de **referencia a vida familiar**.
- **Orientar** aos pais/nais **sobre a resolución pacífica de conflitos en familia**.
- Elaboración de **documentos de información** sobre aspectos de convivencia para facilitar la acción tutorial.
- **Propoñer libros para a biblioteca** xeneral ou de aula que traballen valores de convivencia.
- Dispoñer do **tempo necesario para resolver conflitos** na propia aula.
- **Coordinación co profesorado especialista**.
- **Fomentar a colaboración dos pais/nais co profesorado**.

Respecto das familias

- Solicitar a **concienciación por parte de pais e nais de participar de xeito colaborativo** nas actuacións dirixidas a acadar unha mellora da convivencia no Centro.
- O centro facilitará ás familias a través do observatorio, o Equipo Directivo e as persoas designadas para a coordinación, a **realización de actividades de información/formación** orientadas á mellora da convivencia escolar.
- **Motivar e implicar** mais **aos pais/nais** para non descoidar a educación dos seus fillos/as.

Respecto do alumnado

As medidas que afectan ao alumnado son moi variables, en función da súa idade e tamén segundo a súa madurez lle permita acadar a capacidade de asumir compromisos.

Para os casos onde o alumnado no poida manifestarse de forma autónoma, esa función será desenvolvida polos pais sempre tendo en conta todo o reflectido anteriormente.

Para o alumnado que si posúa esa capacidade teremos en conta o procurar que:

- Establecer unha **relación de confianza alumno-titor** onde o alumno atope alguén que escoite as súas inquedanzas.
- Propor a **realización de xogos e actividades que favorezan o coñecemento mutuo** para levarse mellor.
- **Falar periodicamente na aula de temas relacionados coa convivencia e relacionalos coa realidade do centro.**

12. Concreción do plan das tecnoloxías da información e da comunicación.

EQUIPO TIC'S

O presente curso a actividade do equipo tic's centrarase no proxecto ABALAR.

O obxectivo principal é a promoción no desenvolvemento das TIC no ámbito educativo, por medio da participación activa e directa do alumnado a través dos medios dotados cara a desenvolver este proxecto.

Os obxectivos son os marcados no proxecto presentado ao entrar na rede de centros ABALAR.

OBXECTIVOS:

- Realizar, as actuacións posibles que estean baixo o noso ámbito de influencia dirixidas fundamentalmente a dotar ao centro dunha infraestrutura tecnolóxica que facilite o acceso ás novas tecnoloxías da información e comunicación, polo tanto, a súa incorporación á actividade docente.
- Manter actualizada a páxina web do centro presentando a información que interesa de xeito que poidan estar a disposición de todos.
- Poñer a disposición unha revista dixital e un blog escolar para a participación e traballos do alumnado, podendo facer a función de arquivo dixital nas distintas materias.
- Realizar un PFC cara á introdución, e funcionamento da aula ABALAR .
- Colaborar na recompilación de material para a Aplicación de recursos do servidor ABALAR
- Asesorar e axudar aos docentes nos problemas que se lles plantexen ao incorporar e aplicar as novas tecnoloxías e do proxecto ABALAR.
- Empregar as TICS como medios de comunicación entre a comunidade educativa e o entorno.

Outras funcións do equipo TIC's:

- Motivar ao profesorado para a colaboración mediante os partes de incidencias nos equipos informáticos para o seu mantemento.
- Realizar fotografías das actividades.
- Organizar as galerías de imaxes.

Liña a seguir:

- Solicitar colaboración dos Equipos Docentes e de Biblioteca na recompilación de traballos dos alumnos para publicalos no blog e na revista dixital.
- Artellar estratexias para facer que o alumnado participe utilizando esas ferramentas.
- Recompilar todo tipo de información relacionada co centro, actividades, lexislación, documentos, etc. para poder acceder facilmente a ela dende a páxina web do colexio.

Serán indicadores de avaliación:

- A participación e colaboración dos equipos aos que se lles solicita o que vai a ser a materia que constitúe o traballo e que supón a consecución da meirande parte dos obxectivos.
- A resposta do equipo a esa participación.
- O mantemento organizado recursos.

13. Concreción do plan lector.

O equipo de educación infantil do CEIP de Ponzos leva a cabo diversas actividades para fomentar a lectura do noso alumnado.

OBXECTIVOS

- Expresar sentimentos e desexos mediante a linguaxe oral.
- Comprender diferentes mensaxes e intencións.
- Ser capaz de discriminar visual e auditivamente.
- Respetar os materiais e instrumentos da linguaxe escrita.
- Respetar os materiais tecnolóxicos.
- Tomar conciencia do texto escrito.
- Valorar a lectura como fonte de pracer, goce e disfrute.
- Coñecer e respectar as normas de funcionamento da biblioteca de aula e do centro.
- Valorar e gozar con diferentes formas de literatura infantil, tanto en lingua castelá como en lingua castelá.
- Gozar coa escoita de contos en lingua estranxeira.

CONTIDOS

3 ANOS

- Vocabulario específico dos distintas secuencias didácticas e proxectos traballados na aula.
- Comunicación a través da linguaxe oral.
- Contos, poemas adiviñas, textos de tradición oral en lingua galega, castelá e lingua estranxeira.
- O nome: iniciación a súa discriminación.
- Iniciación a utilización do ordenador para escribir o seu nome.
- Carteis con palabras escritas relativas a temas coñecidos por eles.

4 ANOS

- Comprensión e produción de mensaxes.
- Vocabulario específico dos distintas secuencias didácticas e proxectos traballados na aula
- Contos, poemas adiviñas, textos de tradición oral en lingua galega, castelá e lingua estranxeira.
- O nome: discriminación e produción.
- Iniciación a utilización do ordenador para escribir o seu nome.
- Iniciación a lectura de carteis con palabras escritas relativas a temas coñecidos por eles

5 ANOS

- Comprensión e produción de mensaxes utilizando as normas de intercambio lingüístico.
- Vocabulario específico dos distintas secuencias didácticas e proxectos traballados na aula
- Contos, poemas adiviñas, textos de tradición oral en lingua galega, castelá e lingua estranxeira.
- O nome
- Iniciación a utilización do ordenador para escribir o seu nome.
- Iniciación a lectura de carteis con palabras escritas relativas a temas coñecidos por eles

- Diferentes tipos de textos: Tradición oral, informativos, literatura infantil, periodísticos...
- Iniciación á lectura e escritura dalgunhas palabras e frases.

ACTIVIDADES

- Uso do recanto da aula como lugar de gozo da lectura.
- Préstamo de libros unha sesión semanal na biblioteca do centro.
- Momento de lectura diaria no recanto da asemblea.
- Mochila viaxeira.
- Lectura de contos en galego e castelán por parte das familias.
- Outras actividades relacionadas

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada para o fomento a lectura será dinámica, partindo dos intereses dos nenos e nenas e creando situacións onde gocen coa lectura de contos e outras formas de literatura infantil. A iniciación á lectura se realizará partindo de diferentes palabras coñecidas e do propio nome dos alumnos e alumnas.